

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000020.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D^a. MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Extraordinaria de carácter urxente** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa Consistorial, hoxe **mércores 20 de maio de 2026, ás 13:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

ACTAS E ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

2. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

3. PROPOSTA PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

PERSOAL

4. INCREMENTO RETRIBUTIVO DO 1,5% PREVISTO NO ARTIGO 2, DO REAL DECRETO LEI 14/2025, CON EFECTOS DO 01 DE XANEIRO DE 2026.

INTERVENCIÓN

5. MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCION NÚMERO 24 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL. SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS NA ÁREA DE DEPORTES.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5058634812758392966.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 20-5-2026

6. MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 24 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2026. SUBVENCIÓN NOMINATIVA ARDE LUCUS 2026.

7. MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 24.E DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL-SUBVENCIONS NOMINATIVAS CULTURA.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.